Acta da sesión da Comisión 3ª, Economía, Facenda e Orzamentos, do día 28 de maio de 2025

[JCCP/MCVR]

Na sala de comisións "Concepción Arenal" do pazo Parlamento de Galicia reúnese a **Comisión 3ª, Economía, Facenda e Orzamentos,** o día **28 de maio de 2025, ás 10:30 horas,** logo da convocatoria remitida para o efecto.

Asisten as persoas que se relacionan a seguir:

Mesa:
Noa Olalla Presas Bergantiños
(Presidenta)
Rubén Lorenzo Gómez
(en substitución de Gonzalo Trenor López)
(Vicepresidente en funcións)
Manuel Santos Costa
(Secretario)

Vogais:

Grupo Parlamentario Popular de Galicia (P):
Juan Manuel Casares Gándara
Miguel Fidalgo Iglesias
Patricia García González
José Alberto Pazos Couñago
Noelia Pérez López
María Felisa Rodríguez Carrera
(en substitución de Julio García Comesaña)
Cristina Sanz Arias

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego (BNG):
Ramón Tomás Fernández Alfonzo
Óscar Insua Lema
Rosana Pérez Fernández
DonBrais Ruanova Vilas-Boas

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia (S):
María Elena Espinosa Mangana
Patricia Iglesias Rey

Grupo Parlamentario Mixto (M):
Armando Ojea Bouzo

Propoñente:
José Daniel Pérez López (BNG)

Letrado:
Juan Carlos Caride Puente

Asinado o día 12/06/2025 ás 12:34
Por Noa Presas Bergantiños

Asinado o día 12/06/2025 ás 11:47
Por Manuel Santos Costa

PARLAMENTO DE GALICIA

A presidenta abre a sesión e rógalle ao secretario que lle dea lectura á relación de membros titulares da Comisión para os efectos de comprobar a existencia de quórum de constitución, así como as posibles substitucións. Logo da constatación deste, éntrase no desenvolvemento da orde do día obxecto desta sesión.

Punto 1. Proposicións non de lei

1.1 23711 (12/PNC-002175)
Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego
Pérez López, José Daniel e 2 máis
Sobre as accións que debe pór en marcha o Goberno galego para impulsar a competitividade empresarial, o desenvolvemento económico e a mobilidade na comarca de Bergantiños
Publicación da iniciativa, BOPG n.º 188f1, do 16.04.2025

A Presidencia comunica que a esta proposición non de lei o G.P. Popular de Galicia presentou unha emenda de substitución (doc. núm. 26401), da que obvia a súa lectura dado que se remitiu aos membros da comisión.

Deseguido concédelle a palabra ao **señor Pérez López, José Daniel (BNG),** quen expón os motivos nos que se basea esta proposición non de lei ampliando os que se conteñen na súa publicación no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia.

Na rolda do grupo parlamentario emendante o **señor Lorenzo Gómez, Rubén (P)** -*logo de abandonar o seu posto na Mesa da Comisión, en cumprimento do disposto no artigo 82 do Regulamento do Parlamento*- expón as súas argumentacións a respecto da proposta formulada e amosa os motivos polos que o seu grupo presentou esta emenda, que espera se teña en conta polo grupo propoñente.

Na rolda de grupos parlamentarios non emendantes, intervén a **señora Iglesias Rey, Patricia (S),** -*o Ojea Bouzo (M), declina facer uso da mesma*- para anunciar o voto positivo do seu grupo á devandita proposta.

Na rolda de puntualizacións e posicionamento sobre a emenda defendida o **señor Pérez López, José Daniel (BNG**), logo de rebater moitas das argumentacións expostas polo voceiro do G.P. Popular de Galicia, expón as razóns polas que non acepta a súa emenda.

A señora Presas Bergantiños abandona a Mesa da Comisión e pasa a ocupar un escano co seu grupo parlamentario, de acordo co establecido no artigo 82 do Regulamento do Parlamento, pasando a ocupar a Presidencia o señor Lorenzo Gómez unha vez incorporado á Mesa.

1.2 4550 (12/PNC-000554)
Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia
Iglesias Rey, Patricia e 3 máis
Sobre as medidas que debe adoptar o Goberno galego para se axustar ás

PARLAMENTO DE GALICIA

recomendacións do Consello de Contas en relación coa asistencia prestada polo Sergas con medios alleos na Área Sanitaria de Ourense, Verín e O Barco de Valdeorras
Publicación da iniciativa, BOPG n.º 31f2, do 29.05.2024

A **señora Iglesias Rey, Patricia (S),** procede á formulación e defensa desta iniciativa de impulso con ampliación das argumentacións que dela se fan por escrito e que aparecen publicadas no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia.

A esta proposición non de lei non se presentaron emendas, polo que, aberta a rolda de grupos parlamentarios pola Presidencia, interveñen o **señor Ojea Bouzo, Armando (M)** e a **señora Presas Bergantiños, Noa Olalla (BNG),** ambos intervenientes deixan constancia das súas argumentacións ao respecto co pronunciamento favorable a devandita proposta.

Nesta mesma rolda a **señora Sanz Arias, Cristina (P**), tras expoñer diversas consideracións a respecto das anteriores intervencións, xustifica os motivos polos que o seu grupo non vai apoiar esta proposición non de lei.

Na rolda de puntualizacións a **señora Iglesias Rey, Patricia (S)**, amosa a súa discrepancia coas argumentacións da voceira do grupo maioritario e agradece o apoio expresado polos dous grupos da oposición.

A señora Presas Bergantiños incorpórase ao seu posto na Mesa da Comisión.

1.3 21739 (12/PNC-002026)
Grupo Parlamentario Popular de Galicia
Rodríguez Carrera, María Felisa e 9 máis
Sobre as demandas que a Xunta de Galicia debe dirixir ao Goberno central relativas á reclamación das persoas que, ao faceren achegas a diferentes mutualidades profesionais, tributaron de máis en concepto de IRPF
Publicación da iniciativa, BOPG n.º 175f1, do 19.03.2025

A Presidencia concédelle a palabra á **señora Rodríguez Carrera, María Felisa (P),** que pasa a dar conta das razóns que levaron ao seu grupo á presentación desta iniciativa, expresándose en termos semellantes aos que aparecen por escrito publicados no Boletín Oficial do Parlamento.

A esta iniciativa tampouco se presentaron emendas, polo que, aberta a rolda de grupos parlamentarios pola Presidencia, intervén en primeiro lugar a **señora Espinosa Mangana, María Elena (S)**, quen, tras deixar constancia das súas argumentacións á respecto da iniciativa, expón as razóns polas que o seu grupo non a vai apoiar.

Nesta mesma rolda o **señor Fernández Alfonzo, Ramón Tomás (BNG),** logo de expoñer diversas consideracións discrepantes coa proposta formulada, defende a postura do seu grupo sobre este tema.

PARLAMENTO DE GALICIA

Na rolda de puntualizacións a **señora Rodríguez Carrera, María Felisa (P),** incide na importancia da iniciativa logo de expoñer diversas consideracións sobre as intervencións dos voceiros de ambos grupos parlamentarios.

1.4 24490 (12/PNC-002258)
Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego
Fernández Alfonzo, Ramón Tomás e 2 máis
Sobre a demanda dirixida á Xunta de Galicia para que garanta o mantemento de todos os postos de traballo vinculados ás autoestradas do Salnés, da Barbanza, Ourense-Celanova e Santiago-Brión
Publicación da iniciativa, BOPG n.º 193f2, do 02.05.2025

A Presidencia, previamente, comunica que a esta proposición non de lei presentouse unha emenda de substitución por parte do G.P. Popular de Galicia (doc. núm. 26402), da que obvia a súa lectura dado que se remitiu aos membros da comisión.

O **señor Fernández Alfonzo, Ramón Tomás (BNG),** expón os motivos nos que se basea a proposición non de lei, ampliando os que se conteñen na súa presentación escrita e publicada no BOPG anteriormente subliñado e explicas as razóns polas que non acepta a devandita emenda.

Na rolda do grupo parlamentario emendante intervén a **señora Pérez López, Noelia (P)**, quen, logo de expón as súas argumentacións a respecto da proposta formulada, defende a emenda do seu grupo, destacando que é mais rigorosa e garantista deses postos de traballo.

Na rolda de grupo parlamentario non emendante a **señora Iglesias Rey, Patricia (S),** xustifica o apoio do seu grupo á devandita proposta.

Na rolda de puntualizacións e posicionamento sobre a emenda presentada, o **señor Fernández Alfonzo, Ramón Tomás (BNG)**, agradece o apoio anunciado polo G.P. dos Socialistas de Galicia, logo de amosar a súa discrepancia cos argumentos do grupo maioritario e insistir en que non acepta a emenda.

Rematado o debate, a Presidencia procede á votación das proposicións non de lei pola orde na que figuran na convocatoria:

1.1 23711 (12/PNC-002175), do G.P. do Bloque Nacionalista Galego. Sométese a votación o texto resolutivo orixinal, que resulta **rexeitado** por:

Votos a favor:..... 7
Votos en contra: 9
Abstencións: 0

PARLAMENTO DE GALICIA

1.2 4550 (12/PNC-000554), do G.P. dos Socialistas de Galicia. Sométese a votación o texto resolutivo orixinal, que resulta **rexeitado** por:

Votos a favor: 7
Votos en contra: 9
Abstencións: 0

1.3 21739 (12/PNC-002026), do G.P. Popular de Galicia. Sométese a votación o texto resolutivo orixinal, que resulta **aprobado** por:

Votos a favor: 9
Votos en contra: 0
Abstencións: 7

O texto aprobado é o seguinte:

«O Parlamento de Galicia insta a Xunta de Galicia a demandar do Goberno de España a adopción das seguintes medidas:

1º. Derrogar e deixar sen efecto desde a súa entrada en vigor a modificación introducida pola disposición derradeira décimo sexta da Lei 7/2024, do 20 de decembro, e, se for o caso, practicar as devolucións correspondentes aos mutualistas que tributaron máis do debido segundo o establecido polo Tribunal Supremo e a xurisprudencia coincidente.

2º. Proceder á devolución íntegra e sen aprazamentos das contías xa solicitadas en tempo e forma polos contribuíntes, aínda despois do 22 de decembro de 2024, para non xerar diferenzas de trato con aqueles que xa percibiron as devolucións das cantidades ingresadas indebidamente diante da Axencia Estatal da Administración Tributaria.»

1.4 24490 (12/PNC-002258), do G.P. do Bloque Nacionalista Galego. Sométese a votación o texto resolutivo orixinal, que resulta **rexeitado** por:

Votos a favor:..... 7
Votos en contra: 9
Abstencións: 0

Punto 2. Dación de conta

2.1 22584 (12/ESEX-000005)
Dirección Xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias
Estado da execución orzamentaria cuarto trimestre de 2024
Publicación do acordo, BOPG n.º 183, do 03.04.2025

2.2 23688 (12/MOP-000011)
Dirección Xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias
Modificacións orzamentarias decembro de 2024
Publicación, BOPG n.º 188f1, do 16.04.2025

PARLAMENTO DE GALICIA

2.3 **23976 (12/MOP-000012)**
Dirección Xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias
Modificacións orzamentarias xaneiro 2025
Publicación, BOPG n.º 188f1, do 16.04.2025

2.4 **23977 (12/MOP-000013)**
Dirección Xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias
Modificacións orzamentarias febreiro 2025
Publicación, BOPG n.º 188f1, do 16.04.2025

2.5 **23978 (12/MOP-000014)**
Dirección Xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias
Modificacións orzamentarias marzo 2025
Publicación, BOPG n.º 188f1, do 16.04.2025

2.6 **25039 (12/MOP-000015)**
Dirección Xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias
Modificacións orzamentarias abril de 2025
Publicación, BOPG n.º 197f1, do 14.05.2025

2.7 **25038 (12/IIGA-000003)**
Dirección Xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias
Información do Igape sobre a situación das operacións de crédito e préstamo vixentes a 31 de decembro de 2024
Publicación da iniciativa, BOPG n.º 197f1, do 14.05.2025

A Presidencia lémbralles ás súas señorías que a documentación que se relaciona neste punto da orde do día xa se lles trasladou aos membros da Comisión para o seu coñecemento. Non hai solicitudes de intervención ao respecto, polo que se considera substanciado este punto.

Esgotada a orde do día, a Presidencia agradece o traballo dos grupos parlamentarios e dos servizos da Cámara, e levanta a sesión.

Remata a sesión ás 12:35 horas.

Manuel Santos Costa
Secretario da Comisión

V. e pr.
Noa Olalla Presas Bergantiños
Presidenta da Comisión